

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SETE DE SETEMBRO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente: D. ODON C. COBAS GARCIA  
Concelleiros D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS  
D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS  
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D<sup>a</sup>: MARGARITA DEVESA CARDELLE  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D<sup>a</sup>: M<sup>a</sup>. JESÚS PIÑEIRO CALDELAS  
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA  
D<sup>a</sup>. XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día vinte e sete de setembro de dous mil sete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (31/07/2007)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trinta e un de xullo do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Aprobación, se procede, da Conta Xeral correspondente ó exercicio 2006

Dáse conta da Conta Xeral do Orzamento correspondente ao exercicio 2006, que consta das seguintes partes, segundo o disposto no artigo 209 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e na Orde de Economía e Facenda

4041/2004, de 23 de novembro, polo que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local:

A. - BALANCE DE SITUACIÓN

BALANCE DE SITUACIÓN	
ACTIVO	PASIVO
4.684.435,06	4.684.435,06

B. - CONTA DE RESULTADOS

INGRESOS AÑO 2006	2.880.841,90
GASTOS AÑO 2006	2.655.993,00
GASTOS ANOS ANTERIORES	871.378,22
RESULTADO TOTAL (PERDIDA)	- 646.529,32

C. - LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

DEREITOS RECOÑECIDOS EN 2006	3.956.014,28
OBRIGAS RECOÑECIDAS EN 2006	3.686.404,44
DIFERENCIA: SUPERAVIT DO EXERCICIO	269.609,84
GASTOS FINANCIADOS CON REMANTE DE TESOURERÍA	0,00
DESVIACIÓNS DE FINANCIAMENTO	- 177.075,97
RESULTADO AXUSTADO (SUPERAVIT)	92.533,87

Quedando ó final do exercicio:

DEBEDORES DEREITOS RECOÑECIDOS	582.964,92
ACREEDORES OBRIGAS RECOÑECIDAS	636.915,33

D. - ESTADO DEREITOS E OBRIGAS EXERCICIOS ANTERIORES

DEBEDORES PENDENTES DE COBRO	48.963,44
ACREEDORES PENDENTES DE PAGO	4,88

E. - COMPROMISOS CON CARGO A EXERCICIOS FUTUROS

Negativo

F. - ESTADO DA TESOURERÍA

	EX. INICIAL	COBROS	PAGOS	EX. FINAL
CAIXA	1.311,92	51.521,32	50.262,83	2.570,41
BANCOS	- 95.428,73	6.032.711,30	5.584.517,31	352.765,26

S/SAÍDA	0,00	2.347.902,70	2.347.902,70	0,00
TOTAL	- 94.116,81	8.432.135,32	7.982.682,84	355.335,67

G.- ESTADO DA DÉBEDA

Negativo

H.- REMANENTE DE TESOURERÍA

+ DEBEDORES PTES. DE COBRO A 31/12/2006 (NETOS)	630.117,24
- ACREEDORES PTES. PAGO A 31/12/2006 (NETOS)	748.916,58
+ FONDOS LÍQUIDOS DE TESOURERÍA A 31/12/2006	355.335,67
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	236.536,33
REMANENTE AFECTADO A GASTOS CON FINANCIAMENTO AFECTADO	177.057,97
REMANENTE PARA INCORPORACIÓN VOLUNTARIA DE REMANENTES	0,00
REMANENTE PARA GASTOS XERAIS	59.478,36

Así mesmo, achéganse os seguintes anexos:

- Memoria da Conta Xeral
- Investimentos destinados ao uso xeral
- Inmovilizacións materiais e inmateriais
- Endebedamento
- Operacións non presupostarias
- Balance de comprobación
- Estado de modificación de Créditos
- Estado de gastos con financiamento afectada
- Estado de situación e Movemento de valores
- Relación Nominal de debedores e acreedores

O Sr. Alvela de Terra Galega di que manterá a súa postura de abstención.

O PP tamén di que se absterán

O Pleno con 6 votos a favor do PSdeG-PSOE e 6 abstencións do PP e TEGA aproba a citada conta xeral.

3º.- Aprobación, se procede, das bases para a adxudicación do concurso para a redacción do Plan de Sectorización e dos proxectos de urbanización e de parcelación do SUND-4 (parque empresarial de Vedra)

Retírase o asunto da orde do día

4º.- Ratificación, se procede, do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 11/09/07 sobre a designación de dous festivos locais para o ano 2008

Dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día once de setembro do ano que andamos, sobre a designación dos

dous festivos locais para o ano 2008: 22 de setembro, Festa do Patio, e 10 de decembro, Santa Baia.

O Sr. Alveta de TEGA reitera o manifestado na Comisión Informativa sobre alternar o día do Patio coas festas das outras parroquias e tamén considera que a proposta do BNG de cambiar o día de Santa Baia por o día das Dores pode ser interesante.

O Sr. Martínez do PP tamén reitera o manifestado na Comisión Informativa de estudar a proposta do BNG

O Pleno , con 11 votos a favor do PSdeG-PSOE e PP e 1 abstención de Terra Galega, acorda ratificar a citada proposta.

**5º.- Acordo, se procede, sobre o escrito da Asociación de Veciños “Unión e Progreso” de San Xián de Sales no que solicitan a Concentración Parcelaria de montes de San Xián**

Dáse conta do escrito num. 1.504/98 da Asociación Unión e Progreso de San Xián de Sales no que solicitaban que dende o concello se realizasen os trámites necesarios para que se levasen a cabo os traballos de concentración parcelaria de montes en San Xián de Sales.

Pola Presidencia dáse conta de seguido das xestións realizadas que comezaron xa fai oito anos con distintos conselleiros, manifestando os grupos políticos a súa conformidade coa proposta .

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda reiterar a solicitude efectuada no seu día ó organismo competente para que se leve a cabo a concentración parcelaria de montes de San Xián de Sales e facela extensiva ademais de San Xián de Sales ás parroquias de San Andrés de Illobre e San Fins de Sales

**6º.- Acordo, se procede, sobre a adhesión do Concello de Vedra ó convenio entre a Fundación Biodiversidade e a FEMP, para a inclusión na Rede de Gobernos Locais + Biodiversidade 2010**

O pasado 19 de decembro de 2006, a Comisión Executiva da FEMP, aprobou a creación da *Red de Gobiernos Locales + Biodiversidad 2010* dirixida á promoción de políticas locais para a conservación e uso sostible da biodiversidade e a conservación do patrimonio natural a través dun convenio de colaboración entre a Fundación Biodiversidad e a FEMP no marco co acordo asinado entre o Ministerio de Medio Ambiente, o pasado 3 de outubro, que recolle os compromisos da Unión Internacional de Conservación da Natureza (UICN) na súa declaración conta atrás 2010.

Pola Presidencia proponse:

1º.- A adhesión do Concello á citada rede

2º.- Designar como representante político para a Asemblea da Rede ó Sr. Alcalde-Presidente, don Odón C. Cobas García, facultándoo amplamente a todos os efectos relativos a este tema.

O Pleno , por unanimidade dos asistentes, aproba a citada proposta

Neste intre incorpórase dona Xosefina R. Guitián

**7º.- Acordo, se procede, sobre do proxecto do Estatuto Municipal do Veciño**

Retírase da orde do día

**8º.- Acordo, se procede, sobre a declaración institucional na defensa da cidade da cultura**

Pola Presidencia, diante da polémica que cuestiona a continuidade do proxecto da Cidade da Cultura, proponse a adopción do seguinte acordo:

1.- Esta Corporación Municipal e os grupos políticos que a integran, apoian e defenden a conclusión da Cidade da Cultura con fidelidade ao proxecto arquitectónico aprobado pola Xunta de Galicia, do cal xa se executou o 60 % do orzamento. Poñer en cuestión o remate dunha obra destas características oito anos despois do seu comezo e con máis da metade da construción concluída considerámolo extemporáneo e inxustificable.

2.- A Corporación Municipal de Vedra considera, ademais, que o uso cultural do complexo da Cidade da Cultura é o que lle dá sentido ao proxecto, podendo convertela nun motor de desenvolvemento para Galicia. Neste sentido, o Concello de Vedra apoia o proxecto da Cidade da Cultura para que teña a calidade que esixe unha iniciativa destas características e contribuirá a que o complexo do Monte Gaiás se integre de xeito óptimo na cidade de Santiago e se relacione da forma máis eficiente posible cos grandes nodos de comunicación co resto de Galicia, España e Portugal.

3.- Esta Corporación expresa o seu apoio aos sectores sociais que promovan a posta en valor da Cidade da Cultura, toda vez que é fundamental aproveitar este proxecto para os intereses de Santiago de Compostela como capital de Galicia e dos municipios do seu contorno, para a súa consolidación como gran destino turístico internacional, porta de entrada e símbolo de Galicia no mundo, así como a súa vontade de participación nos órganos que se creen para a defensa destes obxectivos.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que este acordo é innecesario e que o que se pretende é criminalizar a unha parte da sociedade que non está de acordo co proxecto e pór unha cortina de fume sobre o informe do Consello de Contas sobre dese gasto

O Sr. Alvela de TEGA di que ata o momento ninguén lle deu datos a este concello sobre a citada obra, pero que con independencia da mala xestión que se desprende dos informes sobre a mesma, a estas alturas debe rematarse, aínda que no fondo está en desacordo co gasto e que se absterá.

O Sr. Martínez do PP expón que Santiago aprobou , por unanimidade, esa declaración e que o seu grupo vai apoiar tamén a declaración como municipio limítrofe.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que apoiará tamén a adhesión e que Vedra como concello limítrofe dentro da área de influencia de Santiago tamén pode verse beneficiado e que debe terse en conta o referente de Santiago a nivel mundial, esperando que o proxecto sexa un éxito e beneficie a todos.

O Pleno, con 11 votos a favor do PSdeG-PSOE e PP, e 2 abstencións do BNG e TEGA aproba a citada proposta

#### **9º.- Acordo, se procede, sobre o recoñecemento extraxudicial de créditos**

Dáse conta da necesidade de recoñecer crédito para a factura 203-704/4 F de Aguagest por importe de 2.760,80 euros e para a factura nº 131/05 de José A. García Carbia por importe de 1.490,00 euros.

Os grupos políticos PP, TEGA e BNG manifestan que as facturas deben pagarse no seu momento e non con tanto retraso.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, aproba o citado recoñecemento de crédito

#### **10º.- Acordo, se procede, sobre a Moción do Grupo Municipal Terra Galega, relativa á reapertura do Centro de Saúde de Santa Cruz de Ribadulla**

Dáse conta da Moción de Terra Galega na que expoñen que tendo en conta o incumprimento por parte da Consellería das promesas feitas no seu día para xustificar o peche do consultorio de San Xián de Sales e o Centro de Saúde de Santa Cruz de Ribadulla, solicitan a adopción dun acordo plenario para solicitar a reapertura diante da Consellería de Sanidade do Centro de Saúde de Santa Cruz de Ribadulla, e por conseguinte, a reanudación das actividades propias do centro que dá servizo a varias parroquias, sen prexuízo das melloras prometidas no seu día, e da emenda do PP “Que asimesmo se repoña o servizo médico en San Xián de Sales”, informada favorablemente.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que se absterán dado que a moción non reflicte a realidade e que están de acordo no fondo, pero tendo en conta que os cambios supuxeron unha serie de melloras no Centro de Saúde de Vedra, coa cobertura dunha nova praza de médico, dun conserxe e outros, propón engadirlle a moción a seguinte emenda:

1º.- Requerir da Consellería de Sanidade que informe e remita a relación de centros pechados nos últimos anos de concellos do contorno semellantes a Vedra, ratio , nº de centros/cartillas sanitarias e distancias medias ós centros de

saúde, así como as posibles melloras no servizo que se prestan en Vedra con respecto a outros concellos, para ter unha referencia válida da situación da poboación beneficiaria do servizo ós efectos de saber se producen posibles discriminacións

2º.- Se da información que recolle o punto anterior se deduce unha diferenza evidente, entre a poboación beneficiaria de Vedra, e o resto dos concellos do contorno semellentes, proceder á inmediata reapertura dos centros de Santa Cruz e San Xián. En todo caso a Corporación Municipal avaliará, no exercicio da súa autonomía e no uso da súas competencias, cal é a situación dos servizos de saúde no concello.

O Sr. Alvela de TEGA di que da exposición do Sr. Sánchez dedúcese que descoñece a situación, que o centro non abre pola tarde e que os veciños de Ponte Ulla están moi prexudicados, que non está de acordo coa emenda e que o peche foi unha medida inxusta.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que a emenda presentada polo PSdeG-PSOE non encaixa no que se pretende con este acordo; que resulta unha postura de defensa máis propia da Consellería. Asimesmo dálle lectura a un argumentario e solicita o traslado do mesmo á Consellería para sustentar a solicitude para que se proceda á reapertura do Centro de Saúde de Santa Cruz de Ribadulla, e, por conseguinte, a reanudación das actividades propias dos centros, que dan servizo a varias parroquias, sen prexuízo das melloras prometidas no seu día pola Xerencia de Atención Primaria.

O Sr. Martínez do PP suscribe os argumentos de TEGA e do BNG, e di que lle parece acertado o argumentario, pero que está totalmente en desacordo coa emenda do PSdeG-PSOE, dada, entre outras, a experiencia, e que hai outros concellos limítrofes onde non se cerraron centros, expoñendo que sexa cal sexa o resultado disto, o seu grupo seguirá loitando ata que se volvan a abrir os centros de Santa Cruz e San Xián.

O Sr. Sánchez di estar de acordo basicamente co argumentario, por iso propónse solicitar información ó respecto do Sergas.

Di que o seu grupo apoia a reapertura pero con argumentos que a apoiem e que sexan razoables, e tamén están a favor da mellora dos servizos sanitarios.

O Pleno, con 7 votos a favor do PP, BNG e TEGA e 6 abstencións do PSdeG-PSOE, acorda aprobar a citada moción nos seguintes termos "solicitar a reapertura diante da Consellería de Sanidade do Centro de Saúde de Santa Cruz de Ribadulla e do Consultorio de San Xián de Sales, e por conseguinte, a reanudación das actividades propias dos centros que dán servizo a varias parroquias, sen prexuízo das melloras prometidas no seu día" e asimesmo o argumentario a remitirille á Consellería.

**11º.- Acordo, se procede, sobre moción do PP sobre parques infantís**

Declárase a urxencia deste punto por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta da moción presentada polo PP na que tendo en conta o marco legislativo e as importantes carencias que ten o concello de Vedra en materia de parques infantís, solicitan a adopción de acordos ó respecto

O Sr. Martínez do PP expón que se trata dunha carencia existente neste concello e que trata de fixar a unha poboación xove, e iso pensando en espazos municipais como os de uso social e popular , polo cal falan dun plan que determine estes lugares, expoñendo a súa conformidade coa emenda presentada polo BNG a este punto.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG expón o seu criterio sobre da elaboración dun plan razoable incluíndo espazos públicos e ó seu adecuado mantemento.

O Sr. Alvela di estar de acordo coa moción e a emenda do BNG, se ben solicita que se propoñan lugares que, en efecto, se vaian utilizar.

O Sr. Sánchez di estar de acordo coa moción e coa emenda do BNG, que considera que a enriquece.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a moción do PP coa emenda do BNG, quedando polo tanto a súa parte dispositiva do seguinte xeito:

1º.- Que se elabore de forma inmediata un Plan Director para a posta en valor dos espazos públicos e de lecer en Vedra, para garantir o seu correcto mantemento, limpeza e dotalos de mobiliario que os fagan máis atractivos (bancos, papeleiras, parques...)

2º.- Que dentro deste plan de adecuación de espazos públicos se reflentan tamén as carencias en parques infantís no concello e a programación urxente de actuacións que corrixan estas carencias

3º.- Que a programación de actuacións futuras contemple a súa temporalización e se establezcan, tamén, criterios de ubicación, que se teñan en conta criterios de centralidade, é dicir, que se ubiquen en lugares das parroquias onde haxa máis nenos/as

**12º.- Aprobación, se procede, das bases reguladoras de subvencións para actividades deportivas**

Declárase a urxencia deste punto por unanimidade dos asistentes

De seguido dáse conta das bases reguladoras de subvencións para actividades deportivas.

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE xustifica a conveniencia de dispor destas bases, expresándose neste sentido dona Xosefina R. Guitián do BNG.

O Sr. Alvela de TEGA reitérase no expresado no seu día na Comisión Informativa correspondente e di que do que se trata e que os veciños obteñan as axudas co menor trámite burocrático posible e que as bases fan máis complexa a súa obtención para algunhas asociacións e que a súa postura é máis favorable a uns simples criterios , polo cal absterase.



O Sr. Martínez do PP di que o regulamento é necesario e ademais obrigatorio e que se alegra de que as bases vaian consensuadas co grupo de goberno.

Postas a votación as citadas bases, apróbanse con 12 votos a favor do PSdeG-PSOE, PP e BNG e 1 abstención de TEGA.

### 13º.- Contestación ás preguntas formuladas no pleno anterior

-- Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contéstalle:

1º.-Sobre da sinalización das vías públicas municipais, que xa se encargaron sinais, e ó rogo da colocación de colectores, que xa se colocaron 80 e agora se solicitaron 200 máis.

2º.-Con respecto as visitas institucionais, di que en moitas ocasións non se anuncian previamente, polo cal non é posible informar con antelación e que outras moitas son de traballo.

3º.-Sobre da recollida de lixo máis intensa nos meses de verán, di que no verán coas vacacións pode existir algún problema, pero que sen embargo se incorpora máis persoal neses meses.

4º.-Á pregunta sobre obras de plans que quedaron desertas , que xa se están a executar

--Ás preguntas do Sr. Alvela de TEGA, a Presidencia contéstalle:

1º.-Sobre das augas das fontes públicas, que é moi difícil tecnicamente analizalas, xa que non se cloran

2º.-Ó rogo da sinalización na estrada da Deputación Gaiosa -Ponte de Sarandón, que se está pendente da visita do Deputado Provincial de Obras para ver o asunto e que se lle avisará.

3º.-Con respecto á sinalización no cruce de Sarandón, que xa se lle remitiu o problema á Xunta

4º.-Sobre da colocación de espellos na aldea de Caxaraville, que xa se está a facer

5º.- Sobre da colocación de xogos para nenos en Agronovo, que se incluírá nun Plan de Parques

6º.- Sobre do entorno de Tomonde, que se estudiará incluílo nun plan

7º.- Ó rogo sobre da sinalización da piscina que xa se encargou

8º.- Sobre da actualización da páxina do concello en internet que xa se contratou a unha empresa

9º.- Con respecto á inclusión de lugares de San Miguel na toponimia, que xa se lle mandou ó Organismo competente

10º.- Á pregunta sobre obras realizadas pola brigada municipal, que se están recopilando os datos

--Ás preguntas do Sr. Costa do PP, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre da rehabilitación do muiño de Novais que se incluírá nun plan e que xa se limpiou algo

2º.- Sobre da situación da estrada de Santa Lucía, que se está pendente da Comisión de Secretarios da Xunta

--Ós rogos do Sr. Martínez do PP, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre da publicación das bases e convocatorias na web do concello , que xa se contratou

2º.- Sobre da colocación de soportes de colectores , que xa se están a facer

3º.- Sobre da revisión da conexión de internet na biblioteca de Santa Cruz , que xa se fixo

4º.- Sobre do problema da emisión da TV na zona da Ulla, que se solicitou informe, e que no mesmo se di que hai que colocar outro repetidor e que solicitará subvención

5º.- Sobre da protesta a Correos polo retraso no reparto, que se enviou un escrito a Correos e que este contestou que as cartas teñen a dirección incorrecta con falta de datos

#### 14º.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG, formula as seguintes preguntas:

1) Pese a que no proxecto de obra da depuradora de San Xián non se contemplaba a ocupación de fincas particulares, neste verán si se ocuparon fincas de veciños, tanto no movemento de terras como incluso na colocación de tuberías, sen aviso previo e sen mediar autorización algunha por parte dos propietarios. Como vai solucionar o Concello os prexuízos sufridos polos veciños afectados por este feito, e como cai solucionar o feito de que se instalan tubarías da depuradora no medio de fincas particulares?

2) Están terminadas as obras de arranxo e ensanchamento da estrada que vai de A Gaiosa a Ponte de Sarandón? De non estar, cando se prevé que rematen? De estalo, vai permitir ó concello que se entregue unha obra con esa deficiente calidade?

3) Velou o Concello pola participación das actividades das asociacións deportivas á hora de establecer o uso e horarios do Polideportivo de Vedra?

4) Quedou algunha asociación deportiva sen poder usar este espazo para as súas actividades?

5) Sabe o concello que a empresa concesionaria do transporte na N-525 eliminou frecuencias horarias sen previo aviso aos usuarios e usuarias?

6) Tendo en conta que o concello asinou hai dous anos o Convenio para o Transporte Metropolitano na área de Compostela e que nese convenio se fixaban entre outros obxectivos a mellora da rede de transporte público e o incremento

da oferta: Qué medidas vai tomar o concello para que se repoñan as frecuencias eliminadas e para que se incremente a oferta en todas as líneas?

7) Rogo se facilite o enganche ás redes de saneamento a todas as aquelas casas que quedaron a distancia da rede principal á maior brevidade posible.

8) Rogo se acometa o estudo de bandas transversais en puntos do concello con moito tránsito peonil e con presenza importante de menores; casas de cultura, escolas, concentración de casas.

--O Sr. Alvela de Terra Galega roga que o Deputado Provincial de Obras tamén vexa a ponte que cruza a vía en Chao de Cartas

Tamén solicita que se lle facilite o uso do Pavillón ó Club Olímpico de Vedra, dada a labor que realiza

Por último roga que se lle faciliten os enganches á rede de sumidoiros ós veciños de Eiravedra.

--D. Carlos Martínez Carrillo do PP pregunta:

1) ¿Qué xestións se fixeron dende a Alcaldía no tempo que vai de legislatura en relación á obra da carretera Vedra-Santa Lucía?

2) ¿Cando se van rematar as obras do proxecto de saneamento de San Xián, iniciadas xa fai moitos meses?

3) ¿Qué fixo o Concello para que estas obras de saneamento en San Xián rematen pronto e nas condicións debidas?

4) ¿Cando se van a rematar as obras de entrada á Igrexa de San Xián e prometidas polo Alcalde?

5) ¿Onde se atopa o camión de limpeza de contenedores concedido á mancomunidade do Val do Ulla?

6) ¿Tense feito algunha distribución de bens nesta mancomunidade?

7) ¿En qué consisten concretamente as obras da casa da estación en Santa Cruz de Ribadulla? ¿Cando se van a rematar as mesmas? ¿En qué porcentaxe quedará arranxada dita casa? ¿Qué destino ten planificado o Concello para a mesma?

8) ¿Cales son as funcións, horarios e, en xeral, responsabilidades de don Antonio Gago Iglesias e de dona Patricia Deber Muiños?

9) ¿Existe algunha planificación na Brigada Verde en canto á súa función e traballo nos próximos meses? De existir, ¿cal é?. Especificar e concretar traballo, sitio e duración.

10) ¿Por qué se produce mobilidade funcional nos traballadores entre as distintas brigadas? ¿Cal é a base legal ou regulamentaria na que se fundamenta tal mobilidade?

11) ¿En qué consistiu, consiste ou consistirá o compromiso do Concello en relación ó acondicionamento, mellora ou ampliación do cemiterio de San Mamede?

12) ¿Cando ten pensado o Concello asfaltar as pistas que pasan por Neira de Abaixo e Feal, en San Mamede, as cales teñen unhas deficiencias importantes dende fai tempo?

13) ¿Cando se vai poñer o alumbeado público debaixo da ponte da autoestrada en Canicoba, prometida pola Alcaldía fai anos?

14) En relación coa estrada de Sarandón á Gaiosa, ¿cando se van rematar as obras? ¿Buscouse polo Concello algunha solución ó embudo que nesa carretera supón a ponte sobre a vía férrea?

15) En relación ás festas, as seguintes preguntas:

1ª.- ¿As cantidades concedidas ás distintas Comisións de Festas sono en concepto de subvencións ou en que concepto?

2ª.- ¿Ten o Concello unha convocatoria e un regulamento con un baremo para a concesión destas axudas?

3ª.- ¿Existe no Concello unha Comisión de Valoración destas axudas?

4ª.- ¿Realízanse estas concesións de axudas en réxime de concorrencia competitiva?

5ª.- ¿As parroquias que organizan festas gastronómicas reciben axuda por este concepto independentemente das axudas recibidas para as festas parroquiais e patronais?

6ª.- ¿Como xustifica o Concello a variabilidade nos importes das axudas concedidas?

7ª.- ¿Cal é a relación de axudas e festas e o seu importe do ano 2006 e do 2007 a día de hoxe?

16) ¿Cómo está o tema da instalación polideportiva e de atletismo solicitada pos San Fins?

Asimesmo o citado concelleiro formula os seguintes rogos:

1) En relación ás obras de saneamento en Santa Cruz, rogamos se esixa ás empresas encargadas de facer as mesmas que, de maneira urxente, e antes de que cheguen as choivas e mal tempo acaben de asfaltar as pistas que abriron e sobre todo que non recorten nin un só centímetro nese asfaltado o ancho das mesmas, tal e como está ocorrendo desgraciadamente na actualidade.

2) Que se limpen as fontes existentes en Famelga, Afos e Eiravedra e, así mesmo, se analicen as súas augas.

3) Igualmente, rogamos se reparen e acondicionen as degradadas pistas que cruzan dito lugar en Tomonde.

4) No lugar de Tomonde que se solucione xa o problema de verquidos fecais que se veñen producindo dende hai tempo, de tal maneira que se lle busque unha solución técnica a dito problema e se leve a cabo de inmediato.

5) Igualmente, rogamos se reparen e acondicionen as degradadas pistas que cruzan dito lugar de Tomonde.

6) Rogamos se retire o árbol situado no medio da pista que vai dende Outeiro (Santa Cruz) ata a estrada provincial, dado que está seco e xa non existe ningún motivo para manter dito obstáculo no camiño.

7) Rogamos se limpe o entorno do regato de Sete, onde están situados ademais dous muiños.

8) Rogamos se limpen todas as pistas que van ó río Ulla, así como as situadas no seu entorno e, en todo caso, todas aquelas que quedan dentro do ámbito calificado polo PXOM de Vedra como de protección de espacios naturais.

9) Rogamos se coloquen máis contenedores de papel e de vidro e que aumente a frecuencia de recollida.

10) Comunicamos igualmente que os edificios das escolas de San Xián atópanse cas fiestras rotas e en moi mal estado, o que ademais dá mañ aspecto que produce nun edificio público e tendo en conta que unha parte está destinada a nenos pequenos, representa un grave peligro, máxime en outono e inverno, onde co vento pode haber desprendementos que causen graves danos a escolares e maiores; por elo, poñémolo en coñecemento da Alcaldía e solicitamos unha urxente solución a este problema no próximo mes de outubro.

11) Rogamos se aporte por escrito no vindeiro mes de outubro ó grupo do Partido Popular deste Concello, de maneira detallada e separada, unha relación de todas as axudas económicas e de outro tipo concedidas dende o Concello ás distintas entidades, asociacións, clubs, comisións de festas e demais entes sin ánimo de lucro no ano 2006 e no que vai de ano 2007.

12) Rogamos se atenda de forma inmediata o peticionado e solicitado no escrito presentado o pasado sete de agosto por varios veciños de Eiravedra de Santa Cruz de Ribadulla e neste sentido rogamos que dende o Concello, de maneira urxente e inmediata, se facilite aos veciños alí firmantes o enganche á rede de saneamento nas mesmas condicións que no seu día se lles ofreceron ós demais veciños, e así non resultar discriminados respecto deles.

13) Rogamos se mellore a recollida das augas do tellado nalgunhas zonas do colexio de Santa Cruz, dado que cando chove con forza, impide que se poida acceder sen mollarse.

14) A recente actualidade da sinistralidade por accidentes de tráfico obriganos a todos, condutores, peóns e Administracións Públicas a facer un esforzo para combater e dar solución a este importante problema que causa tantos mortos, feridos e danos.

Ás Administracións Públicas compete entre outras e bo mantemento das vías públicas que son da súa competencia. Ente este mantemento atópase unha boa sinalización que é ademais unha das medidas preventivas demostradas como máis eficaces e máis baratas para a prevención de accidentes de tráfico.

Nas pistas da parroquia de San Fins de Sales existen varios cruces perigosos con ausencia ou deficiente sinalización.

Por esta razón facemos o seguinte rogo:

Que á maior brevidade posible se proceda a revisión e dinalización de todos eles.

15) Rogamos se chegue a un consenso co Club Olímpico de Vedra.

Conclúe ó fio das vinte e tres horas e quince minutos

